

CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO CONSELLO ESCOLAR 2021

De acordo coa COA RESOLUCIÓN DE 20 DE SETEMBRO DE 2021 pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións dos representantes dos distintos sectores do Consellos Escolares (renovación parcial). Dita renovación supón a elección de **tres mestres e tres pais/nais**, (un deles proposto polo ANPA) entre os candidatos presentados e un representante da administración e servicios..

De seguido resumimos as disposicións ó respecto, para que teñan coñecemento das mesmas á hora de exercer os seus dereitos legais.

COMPOSICIÓN E FUNCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

A) COMPOSICIÓN:

- O Director/a do Centro, que será o Presidente.
- O Xefe/a de Estudos.
- O Concelleiro ou representante do Concello.
- Cinco profesores/as elixidos polo claustro.
- Cinco pais/nais de alumnos.
- Un representante do persoal de administración e servicios.
- O secretario/a do Centro que terá voz pero non voto.

B) FUNCIONES:

1. Establece-las directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do Centro, aprobalo, avalialo e, se é o caso, introduci-las modificacións, sen prexuízo das competencias que o claustro de profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.
2. Elexi-lo director do Centro
3. Propoñe-la revocación do nomeamento do director, logo de acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous tercios.
4. Decidir sobre a admisión de alumnos, con suxeición ó establecido na lexislación vixente.
5. Aprobar e modifica-lo Regulamento de réxime interior do Centro.
6. Resolve-los conflitos e impoñe-las correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do Centro.
7. Aproba-lo proxecto de orzamento do Centro e a súa execución.
8. Aprobar e avalía-la programación xeral anual do Centro, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que competen ó claustro.
9. Aproba-la programación das actividades extraescolares e complementarias e avalia-lo seu desenvolvemento.
10. Establece-las directrices para a participación do Centro en actividades culturais, deportivas e recreativas.

11. Establece-los criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos.
12. Promove-la renovación das instalacións e equipamento do Centro, e vixia-la súa conservación.
13. Analizar e valora-lo funcionamento xeral do Centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados de avaliación que do Centro realice a Administración educativa.
14. Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación de Centro, nos termos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza.
15. Regula-lo procedemento de autorización das saídas voluntarias entre clase ou en períodos de lecer do alumnado do Centro.

NORMAS XERAIS SOBRE AS ELECCIÓNS DOS PAIS DE ALUMNOS

- **Tódolos pais e nais son electores** (poden votar), **e todos son elixibles** (poden ser elixidos), sempre que manifestaran previamente por escrito a súa candidatura.
- Todo o proceso electoral regularase polas disposicións legais vixentes e será dirixido pola **Xunta Electoral do Centro**, órgano formado pola directora do centro, un profesor, un pai/nai de alumno e un representante do persoal non docente. A Xunta Electoral é a encargada de organiza-lo proceso electoral, e os seus membros, agás no caso da directora foron **elixidos por sorteo público** o 5 de novembro **ás 13´15 horas** na sala de profesores do Centro.
- A **Mesa Electoral** presidirá as votacións e estará formada pola directora do Centro e **catro nais/pais** designados por **sorteo público** entre todos aqueles que non se presenten coma candidatos.
- Poderán asistir nais/pais de alumnos que actúen de **supervisores**, sempre que sexan propostos pola Anpa. ou avalados por dez firmas de pais/nais.
- Para poder exercer-lo dereito ó voto é preciso estar no Censo Electoral, e identificarse co **D.N.I.** ou documento equivalente. O censo queda exposto na mesa do conserxe para consultar.
- Poderase votar por correo, sempre que as cartas cheguen á Mesa Electoral antes de efectuar o escrutinio, e téñase garantido o segredo do voto e a identificación do elector de acordo coa lei vixente.
- Das datas restantes deste proceso electoral, iránselle mandando comunicación, no seu momento, a través dos seus fillos.

Do día 8 ó 18 de novembro: Apertura do periodo de presentación de candidaturas dos distintos sectores

NO PASILLO DA ENTRADA IREMOS POÑENDO, CON TEMPO, AS DATAS DAS DISTINTAS FASES REFERIDAS O PROCESO DE ELECCIÓNS